

A MONTAÑA NAVIEGA – OS ANCARES DESCOÑECIDOS

28, 29 e 30 de Abril e 1 de Maio de 2016

Os Ancares son para os montañeiros galegos a cordal que vai dende o Penarubia ao Miravalles pasando polo Tres Bispos, Mustallar e Cuíña, picos que adoitan ser subidos frecuentemente. Pero ¿que hai máis nos nosos Ancares que non sexan os devanditos picos da cordal?. Nesta actividade imos responder a esta pregunta.

Se ben hai anos, na actividade que realizamos en Ártabros con base en Balboa, respostamos parcialmente a esa pregunta, facendo dúas rutas polas abas do Penarubia na parte sur dos Ancares, nesta ocasión completaremos a resposta peiteando os somontes do norte dos Ancares, sitos na súa meirande parte no concello de Navia, onde situaremos o noso cuartel xeral.

Na vertente galega de Ancares, na área que salva 30 km de distancia e 1.700 m de desnivel entre a divisoria cimeira e o leito do río Navia, atópanse fouces, tesos e valgadas que son altamente descoñecidos. Alí, nesa extensión de uns 200 km² repartida entre os concellos de Navia de Suarna e Cervantes, descorren dous desfiladeiros nos que bulen, serpean e se afunden dous grandes ríos, non polo seu tamaño pero si pola súa beleza e salvaxe percorrido, o Rao e o Ser, nos que se sitúan 2 das 3 actividades. A terceira das camiñadas será entre os tesos que se atopan entre os dous desfiladeiros que contan cun valor etnográfico único.

1.- O CAÑÓN DO RAO

O río Rao nace no circo glaciar que arrodea Balouta, entre as abas do Miravalles e o Cuíña. Despois de pasar por esa localidade afúndese no terreo, conformando un cavorco tan profundo e salvaxe que mais parece propio dos Pirineos que das antigas e redondeadas montañas galegas. Pasados uns 10 quilómetros o río comeza a abrirse formando un profundo val que xa permite o asentamento de pequenos aldeas nas súas abas pero sempre moi afastados do leito que discorre moito máis afundido. Os mestos bosques e a dificultade do acceso e o seu estado de conservación fai que este val encaixado fora elixido polo oso nas últimas incursións por Galicia.



A ruta elixida é unha das mellores do noroeste, vai de aldea en aldea polos antigos camiños de carro que as comunicaban aínda que hoxe están abandonadas ou con escasos habitantes. Primeiro pola súa marxe dereita atopamos Invernallúas, Prebello e Meda. Logo cruzamos o Rao e se suceden marxe esquerda Laxo, Becerral, Aigas, Traserra, Trabadelo, Cernada e Tabillón. Entre elas sucédense ancestrais camiños empedrados, sinxelas ermidas, mestas fragas, sotos, desfiantes cantís, albarizas e fontes ben coidadas de riquísimas augas en Prebello, Laxo, Becerral, Aigas e Cernada. Entre elas



aparece un relicto e pantasmeiro teixedal, unha verdadeira xoia botánica.

O percorrido foi obxecto dun coñece e camiña, pero debido á ter unha lonxitude de 24 km., á distancia da nosa cidade e ser un carreiro de montaña, non foi posíbel acabalo. Nesta ocasión, saíndo de Navia e con tempo dabondo procuraremos percorrelo na súa totalidade, aínda que teremos previsto un escape aos 18 km por se alguén non se sentise con forzas dabondo.




2.- AS CABANAS DE ALZADA DA MONTAÑA NAVIEGA

Quen nos ía dicir que ata hai uns 50 anos moitos dos habitantes das aldeas de Navia adoitaban pasar o verán nunhas agrupacións de cabanas no medio das montañas, coidando e recollendo os cereais, principalmente trigo e centeo que, nesa época de fame e subsistencia, se cultivaban nos tesos e valgadas montesíos. A naviegos entrados en anos lembran esas estadías como as vacacións daquela época e nos recordan a diferenza coas brañas, xa que estas tiñan como finalidade o coidado do gando, estando situadas decote a maior altitude.



Algunhas das cabanas de alzada situadas a menos altitude convertéronse co tempo en asentamentos fixos como a que é a xoia da coroa, a rechamante e encantadora Coruxedo, aínda que hoxe en día está de novo abandonada, o que lle dá unha aureola de misterio.

A ruta de hoxe vai percorrer case todas as cabanas de alzada de Navia Cervantes, elixindo para comezar a andaina unha ben feita aldea, a mellor conservada da media montaña ancaresa. Coro foi escollida para ser rehabilitado con fondos Feder, do mesmo



xeito que Froxán, Seceda e A Seara no Courel e acompañando a Piornedo nos Ancares. Ali visitaremos, se podemos a uns amigos que viven nunha tradicional casa da montaña. Comezaremos a subida e arriba, no teso, onde aparecen as primeiras cabanas de alzada, as de Vilarmundín, e logo dun pequeno anaco de monte a traveso sucederáse as de

Xestoso, Redondo, Vispeiro -que é a maior agrupación-, Liñares, Estorneiro e finalmente a béliada Coruxedo que chegou a ser un poboamento fixo e que conta con sólidos, rexos e feitos casarelos que hoxe están no limbo do esquecemento. Un bo e antergo camiño achegáronos a Moia onde remata a ruta. Moia foi unha das aldeas máis importantes da montaña con pallozas e varias dúcias de casas que aínda hoxe lembran o seu pasado esplendor. A ruta ten unha lonxitude de 20,4 km.

3.- O NACEMENTO DO SER

Entre os dous profundos desfiladeiros que imos coñecer nesta actividade elixíamos o tramo medio no caso do Rao polo que, para a foz do Ser percorreremos o tramo alto, o

do seu nacemento. O Ser poderíase percorrer en tres etapas se os concellos ancareños fixeran as debidas labores de mantemento. No último outono, o club Fontiñas facía unha actividade de dous días percorrendo os tramos altos e medio do Ser. Nos, nesta ocasión imos a facer unha variante sobre o tramo alto.

O río Ser fórmase pola xuntanza de tres regos, entre eles o das Pontes que ven do



Campo da Braña e que foi escollido polos nosos compañeiros para o primeiro día do descenso. Nos, sen embargo imos escoller o rego de Moreiras que ven das abas do Cuiña, por mor non so da súa beleza senón tamén por pasar por lugares senlleiros de Ancares. Así comezaremos en Suarbol para, deseguido pasar pola feituca aldea de Moreiras, onde comezará a camiñada.

Esta aldea foi elixida a mediados dos anos 90 para representar aos Ancares galegos. Daquela Turgalicia adicáballe un cartel a tódolos espazos naturais galegos, imaxe que se ía difundir polo mundo adiante. Na espléndida foto, a aldea de Moreiras semellaba un doce lugar arrodeado de verdes pastos que contrastaba coa rudeza do fondo da imaxe na que os verdescentes e escuros afloramentos de lousa dos montes de Suscalangros estaban salferidos por pequenos borróns abrancazados das primeiras neves do inverno.

Ao saír de Moreiras atravesaremos o rego de Moreiras, tomando o camiño ancestral a Piornedo para visitar as súas pallozas e rúas. Máis adiante acolleranos Donís, onde pararemos a ver o seu varudo e esgrevio templo parroquial, se cadra o mellor dos Ancares. Dende aquí voltaremos a atoparnos co rego de Moreiras que aquí xa recibe o nome de Ser, atravesando para elo unha pequena e feiticeira ponte “romana”. Xusto a escasos metros xúntanse o rego das Pontes que ven de Campo da Braña. So fica encarar a encosta que nos leva a Castelo.

Castelo ten sona por mor de que alí atópase a palloza Baltasar, única autentica palloza convertida en aloxamento de turismo rural. Se cadra poderémola visitar e rematar a actividade no pequeno bar do lugar. Distancia: 12,8 km.

